

**VICENTE GÓMEZ GARCÍA**, deputado provincial do **GRUPO SOCIALISTA** da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN SOBRE O USO DA ESTACIÓN DE CAMPOBECERROS Ó ABEIRO DO PROGRAMA ESTACIÓNS DO INORDE** que espera sexa admitida en base á seguinte

### **EXPOSICION DE MOTIVOS**

No ano 2006 o INORDE asinou con ADIF un contrato polo que este último cedía as instalacións da antiga estación de Campobeceros ata 2021 para a súa rehabilitación a través dun proxecto europeo.

Ese proxecto foi executado e a estación converteuse nun albergue de peregrinos contando cunha cantina.

No ano 2010 ampliouse o contrato hasta 2025 a fin de subscribir un convenio coa Xunta de Galicia co obxecto de regular o financiamento que ese organismo aportaba ó proxecto global de Estacións.

Despois de todos eses anos a estación de Campobeceros segue sen prestar os servizos para os que foi rehabilitada e polo que foi subvencionada, e polo tanto entendemos que está a incumprir co compromiso adquirido á hora de recibir dita subvención.

Por todo o exposto anteriormente o Grupo Provincial Socialista somete a debate e aprobación a seguinte,

### **PROPOSTA DE ACORDO:**

Que a Deputación poña as instalacións en funcionamento para o uso que foi concebida no seu proxecto e para o cal recibiu fondos europeos.

En Ourense a 19 de xaneiro de 2016



**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACION PROVINCIAL DE OURENSE**